

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO DE CARA Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE AXUDANTES DOUTORES/AS NO CURSO ACADÉMICO 2019/2020 CON FIN DE CONSOLIDAR O EMPREGO TEMPORAL

O Consello de Goberno do 04/06/2019 aprobou os criterios para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudantes Doutores/as no curso académico 2019/2020 con fin de consolidar o emprego temporal.

A disposición adicional do acordo do Consello de Goberno do 04/06//2019, habilita á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente para realizar a convocatoria dirixida aos departamentos co fin de que estes presenten as solicitudes de participación neste programa de promoción. En virtude desa habilitación, resólvese realizar a presente convocatoria de acordo coas seguintes bases.

Bases da convocatoria

1. Normas xerais

O obxectivo desta convocatoria é establecer as áreas de coñecemento na que se realizará a convocatoria pública dos concursos de acceso a categoría de Axudante Doutor/a no curso académico 2019/2020.

Este procedemento rexeráse polos criterios para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudantes Doutores/as no curso académico 2019/2020 con fin de consolidar o emprego temporal (aprobados por acordo do Consello de Goberno do 04/06/2019), a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os Estatutos da Universidade da Coruña e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Empregarase o correo electrónico institucional da UDC para as comunicacións en relación co desenvolvemento deste procedemento.

2. Requisitos para participar no programa de promoción

1. Só se atenderán as solicitudes dos departamentos nas que, unha vez aprobado o POD para o curso académico 2019/2020, se cumpra que a diferenza entre necesidade e capacidade docente da área supere as 320 horas. Para estes efectos enténdese por:

- **Necesidade:** Horas encargadas á área de coñecemento no POD do curso académico 2019/2020
- **Capacidade:** Suma dos seguintes compoñentes:
 - A.- Capacidade docente neta do profesorado permanente (incluído o PDI con reserva de posto de traballo)
 - B.- Capacidade docente neta do profesorado con compromiso de estabilización. A estes efectos a capacidade inicial deste profesorado será 240 horas
 - C.- Capacidade do profesorado Asociado T1 (docencia clínica)

Código Seguro De Verificación	VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==		



- X.- Horas de redución por cargo recollidas no apartado 3.1 da normativa de dedicación do PDI
- S.- Horas de redución por representación sindical recollidas no apartado 3.2 da normativa de dedicación do PDI
- O incremento na capacidade docente producido polos apartado X e S non poderá dar lugar a un aumento na capacidade docente neta que cada profesor/a tería no caso de non ter esas horas de redución

2. As áreas propostas deberán contar con Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución (CIS) ou Asociados/as acreditados/as a Axudante Doutor/a ou superior na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, estas ordenaranse segundo os seguintes criterios:

- Terán prioridade as áreas que presenten a esta convocatoria acreditados/as a Titular de Universidade. En segundo lugar as áreas que contén con acreditados/as a Profesor/a Contratado/a Doutor/a. Por último, as áreas nas que se presenten acreditados a Axudante Doutor/a.
- No caso de empate no criterio anterior, terá preferencia a área con maior diferenza entre necesidades e capacidade segundo o determinado no punto 1.

3. Numero de prazas que se ofertan e limitacións por área de coñecemento

- Poderán transformarse 20 prazas de CIS e Asociados/as.
- Convocarase só unha praza de Axudante Doutor/a por área de coñecemento agás no caso de que a diferenza entre necesidades e capacidade iguale o resultado de multiplicar o número de prazas por 320, cun máximo de dúas prazas por área de coñecemento.

4. Compromisos que adquiren os departamentos que desexen participar no programa de promoción

A creación dunha praza de Axudante Doutor/a supón o compromiso dos departamentos de asumir 300 horas de encargo docente no curso académico 2019/2020 co seu actual cadro de persoal da área de coñecemento.

5. Solicitudes

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo que figura como anexo I a esta convocatoria e dirixiranse ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente da Universidade da Coruña.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** contados dende o día seguinte á publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC. As solicitudes presentaranse, logo do acordo do Consello de Departamento, segundo o establecido no Regulamento do rexistro da Universidade da Coruña (aprobado polo Consello de Goberno o 28/02/2018).

Código Seguro De Verificación	VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==		



Coa solicitude achegarase:

- Unha copia simple do certificado de acreditación ao corpo máis alto que dispoña o Profesora/a Contratado/a Interino/a de Substitución ou Asociado/a, da área de coñecemento para a que se postula a convocatoria da praza de Axudante Doutor/a.
- Autorización da persoa acreditada para o uso deste documento para a solicitude da convocatoria dunha praza de axudante doutor/a. Modelo Anexo II
- A solicitude en modelo oficial de convocatoria da praza de Axudante Doutor/a

6. Admisión de solicitudes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente ditará unha resolución aprobando a prelación provisional de áreas de coñecemento onde se convocarán as prazas incluídas nesta convocatoria. Nesta relación constarán desagregados os datos sobre a capacidade establecidos no punto 2.1.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos a resolución de aprobación da prelación provisional. Contra dita resolución os departamentos poderán emendar a solicitude ou presentar reclamación ante o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, no prazo de **5 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, comunicárase polos mesmos medios a resolución da prelación definitiva.

No caso de renuncia por acordo do Consello de Departamento á convocatoria dunha praza asignada ou de producirse a non cobertura dunha praza, procederáse a asignarse a praza á área de coñecemento que corresponda seguindo a orde da prelación definitiva.

7. Norma final

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente dará conta aos Representantes dos/as Traballadores/as e ao Consello de Goberno do desenvolvemento desta convocatoria.

8. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para fixar a distribución por áreas de coñecemento das prazas de axudante doutor/a que se pretenden convocar no curso académico 2019/2020 na UDC.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento

Código Seguro De Verificación	VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==		



oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

A Delegada de Protección de Datos é dona Luz María Puente Aba. dpd@udc.gal

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

9. Recursos

Contra a presente convocatoria, de conformidade co disposto nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderán os/as interesados interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

A Coruña,

Código Seguro De Verificación	VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==		



Anexo I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA DE PRAZAS DE AXUDANTE DOUTOR/A NO CURSO ACADÉMICO 2019/2020

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

DEPARTAMENTO:	
ÁREA DE COÑECEMENTO PARA A QUE SE SOLICITA A PRAZA DE AXUDANTE DOUTOR/A:	
NOME DO/A PROFESOR/A CONTRATADO/A INTERINO/A DE SUBSTITUCIÓN OU ASOCIADO/A ACREDITADO/A:	
CATEGORÍA ACTUAL:	DEDICACIÓN:

2. SOLICITUDE

O Consello do Departamento de _____ na súa sesión do __/__/____ acordou propoñer a convocatoria dunha praza de Profesor/a Axudante Doutor/a de acordo co procedemento establecido na Convocatoria do __/__/2019 para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudantes Doutores/as no curso académico 2019/2020 con fin de consolidar o emprego temporal.

No caso de prosperar esta solicitude, este Departamento comprométese a que:

1. A transformación da praza de Profesor/a Contratado/a Interino/a de Substitución ou Asociado/a nunha praza de Axudante Doutor/a, supón asumir 300 horas de encargo docente no curso académico 2019/2020 co actual cadro de persoal da área de coñecemento.

Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

1. Copia da acreditación de Axudante Doutor/a do/a candidato/a ou a de Contratado/a Doutor/a ou Titular de Universidade, se fose o caso
2. Solicitude en modelo oficial de convocatoria de praza de Axudante Doutor/a

Data:
O/A director/a do Departamento

Asdo.:

SR. VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Código Seguro De Verificación	VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==		



Anexo II

**AUTORIZACIÓN PARA O USO DE CERTIFICACIÓN DE ACREDITACIÓN
(AXUDANTE DOUTOR/A, CONTRATADO/A DOUTOR/A, TITULAR DE
UNIVERSIDADE)**

Eu _____ con DNI: _____ autorizo ao Departamento de _____ da Universidade da Coruña, para achegar a miña acreditación ao corpo de _____ coa solicitude de convocatoria dunha praza de Axudante doutor/a no curso académico 2019/2020 na área de coñecemento de _____, ao amparo da Convocatoria para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudantes Doutores/as no curso académico 2019/2020 con fin de consolidar o emprego temporal (Resolución do 05/06/2019) e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Do mesmo xeito, sempre que o así o estime, poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC. Tamén poderei dirixirme á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que considere oportuna.

En _____, a ____ de _____ de 2019

(sinatura)

Código Seguro De Verificación	VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VqUd8H4pnEZVRKU21efkoQ==		

